

*Resolución do 21 de maio de 1991, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita (Expte. 3.216 AT).*

Visto o expediente incoado nesta delegación provincial por instancia de Barras Eléctricas Galaicó - Asturianas, S.A., con domicilio en Lugo - Cidade de Viveiro, 4, en solicitude de autorización para instalar LMT., CT., RBT. na parroquia de Caboi, concello de Outeiro de Rei e cumpridos os trámites de información pública que determina o artigo noveno do Decreto 2.617/1966, do 20 de outubro, sen que se presentase oposición nin obxección ningunha á citada solicitude.

O delegado provincial, de conformidade co Decreto 1.634/1980, artigo 14, e co 2.617/1966, artigo 11, así como coas demais disposicións vixentes, resolveu:

Autorizar a Begasa a instalación de unha liña de media tensión de 20 kV., de 294 metros de lonxitude, conductor LA-30, e liña de media tensión de 20 kV., con apoios de formigón e torres metálicas, orixe na LMT. deriv. ó polígono industrial de Rábada, apoio n.º 20. Centro de transformación de 50 kVA. 20.000 380/220 V. torre metálica. Rede de baixa tensión con conductores RZ-95-50-25 apoios de formigón ou sobre fachada.

Esta autorización non supón a aprobación do proxecto.

Lugo, 21 de maio de 1991.

Jesús Bendaña Suárez  
Delegado Provincial

*Resolución do 31 de maio de 1991, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se declara, en concreto, a utilidade pública da instalación eléctrica que se cita (Expte. AT 61/1991).*

Visto o expediente incoado nesta delegación provincial, a petición de Unión Eléctrica Fenosa, S.A. con domicilio en Vigo no que solicita autorización e declaración, en concreto, de utilidade pública para o establecemento dunha instalación eléctrica de media tensión, e cumpridos os trámites regulamentarios ordenados no capítulo III do Decreto 2.617/1966, sobre autorización de instalacións eléctricas e no capítulo III do regulamento aprobado polo Decreto 2.619/1966, sobre expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas e de acordo co disposto no Real Decreto 2.634/1980, do 31 de xullo, sobre transferencias de competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de industria,

Esta delegación provincial resolveu autorizar a Unión Eléctrica Fenosa, S.A. a instalación eléctrica que ten como características principais as que se citan:

LMT., aérea, a 15/20 kV. de 6 m de lonxitude, dende o apoio n.º 133 da LMT. existente ata o CT. que se proxecta en Ponte Muño, concello de Nigrán, con conductores LA-30. CT., aéreo, de 100 kVA., relación de transformación 15.000/20.000/230 V. RBT., de 715 m de lonxitude, con conductores tipo RZ.

Declarar, en concreto, a utilidade pública da instalación eléctrica que se autoriza, para os efectos sinalados na Lei 10/1966 sobre expropiación forzosa e sanción en materia de instalacións eléctricas e no seu Regulamento de aplicación, do 20 de outubro de 1966.

Esta instalación non poderá entrar en servizo mentres non conte o seu petionario coa aprobación do proxecto de execución, logo de cumprilos trámites que se sinalan no capítulo VI do citado Decreto 2.617/1966, do 20 de outubro.

Pontevedra, 31 de maio de 1991.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado Provincial

#### Consellería de Agricultura, Gandería e Montes

*Decreto 219/1991, do 13 de xuño, polo que se declara de utilidade pública e interese social a urxente execución da concentración parcelaria da zona de Santa Cruz de Montaos (Ordes - A Coruña).*

A dispersión parcelaria que ofrecen os terreos da parroquia de Santa Cruz de Montaos, termo municipal de Ordes, foi posta de manifesto polos agricultores da zona, mediante solicitude dirixida á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

Realizados pola Dirección Xeral de Estructuras e Desenvolvemento Rural os oportunos estudos de viabilidade e valoración das posibilidades que ofrece a zona para incrementa-lo rendemento dos recursos agropecuarios, dedúcese a conveniencia de levar a cabo a concentración parcelaria por razóns de utilidade pública e interese social.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes formulada conforme o que establece a Lei de concentración parcelaria para Galicia do 14 de agosto de 1985, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trece de xuño de mil novecentos noventa e un,